

INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA DO STEG SOBRE:

Envío aos centros das instrucións en torno a enquisa sobre o uso da lingua e acerca da prohibición de calquera tipo de manifestación contra a realización da mesma

ANTECEDENTES

Consultada a asesoría xurídica sobre o envío aos centros de instrucións relativas á confección da enquisa sobre uso da lingua e concretamente acerca da prohibición de calquera tipo de manifestación contra a realización da mesma, emítese o seguinte informe

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Consideramos que poden verse afectados pola citada prohibición:

-O dereito a liberdade de expresión consagrado no artigo 20 da Constitución.

-O dereito a liberdade sindical artigo 28.1 da Constitución.

-O dereito de reunión, previsto no artigo 21 da Constitución.

É certo que estes dereitos, como todos, teñen límites que poden temperar o seu exercicio, concretamente:

a) Para o caso da liberdade de expresión, esta vén limitada no parágrafo 4: *"Estas liberdades teñen o su límite no respecto aos dereitos recoñecidos neste Título, nos preceptos das leis que o desenvolven e, especialmente, no dereito ao honor, á intimidade, á propia imaxe e á protección da xuventude e da infancia."*

A xurisprudencia ten recoñecido, en múltiples ocasións, o interese preponderante deste dereito que radica, no interese público e colectivo á información e a crítica, o que o fai prevalecer sobre o interese privado representado polo dereito a honra e outros relacionados con este. A xurisprudencia concede grande relevancia ao ánimo do suxeito que pretende exercer este dereito, e dicir, á intención ou propósito do axente así excederanse os límites do dereito cando o propósito do axente sexa, vilipendiar ao obxecto da súa crítica ou expresión, e non se excederan cando o ánimo sexa o de informar ou criticar, especialmente, cando os feitos teñan transcendencia pública ou interese xeral, e se poida entender que deben ser coñecidos e valorados polos cidadáns.

Así pois, entendemos que en ningún caso, a crítica da posta en marcha da enquisa acordada pola

Consellaría, pode exceder os límites que a Constitución concede para o exercicio deste dereito, sempre e cando a expresión sexa correcta e teña carácter "informativo", e non meramente inxuriosa.

Por outra banda, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos ten afirmado que: *«O carácter molesto ou, ferinte dunha información non constitúe en si un límite ao dereito á información»* (S. 8-7-1986 [TEDH 1986, 8] , Caso Lingens), afirmación reiterada polo Tribunal Constitucional (así SS. 107/1990 [RTC 1990, 107] ; 105/1990 [RTC 1990, 105] e 8-6-1992 [RTC 1992, 85]) e polo T. Supremo (por todas as SS. 13-2-1991 e 6-4-1992).

b) En relación coa liberdade sindical, o Tribunal Constitucional, entre outras, na STC 70/2000 de 20 de marzo (RTC 2000,70), ten establecido como doutrina que o artigo 28.1 da Constitución integra, ademais da vertente organizativa da liberdade sindical, os chamados, dereito de actividade e medios de acción dos sindicatos que constitúen o núcleo mínimo, indispensable e indispoñible da liberdade sindical. Así, e de acordo con esta interpretación, o dereito a subministrar información debe entenderse como integrado no contido esencial mínimo, do artigo 28.1 e, en consecuencia, consideramos que a violación ou entorpecemento deste dereito infrinxe de feito o citado artigo da Constitución e, polo tanto, infrinxiría o dereito de liberdade sindical, así pois, os Sindicatos debemos considerármolos libres de informar no relativo a esta cuestión.

c) O Principal límite para o dereito de reunión é a evitación de alteracións na orde pública, estas alteracións teñen que ser xustificadas e non poden preverse a priori, salvo que resulten evidentes, as limitacións a este dereito deben ser proporcionais ao risco existente para a orde pública, e só cabe prohibir o dereito, cando non se poidan adoptar outro tipo de medidas paliativas menos gravosas.

Entendemos por tanto, que non se poderá prohibir que tanto alumnado como profesorado exerciten o seu dereito a reunirse e manifestarse para debater ou expresar as súas ideas sobre a confección da enquisa.

Galiza, 11 de xuño de 2009